Unidade Didáctica

SERRADOIRO DOS CARRAÑOS

CONCELLO DE COVELO

SERRADOIRO
DOS CARRAÑOS
CONCELLO DE COVELO

Unidade didáctica

Serradoiro dos Carranos
Aula da natureza e do patrimonio etnográfico
Maceira - Covelo

Esta unidade didáctica está orientada a alumnos de Segundo e Terceiro ciclo de Educación Primaria, e primeiros cursos de Secundaria como complemento da posta en valor do patrimonio natural e etnográfico de Covelo que se presenta na aula da natureza do Serradoiro dos Carranos.

Este serradoiro, localizado no cerne do concello de Covelo, na parroquia de Maceira, foi levantado pola familia Vales no ano 1.922 sobre os peares dun vello muiño.

Seguindo un formato didáctico, plantéxanse cinco fichas nas que se percorren aspectos transversais sobre os espazos e elementos naturais e culturais do territorio de Covelo. O obxectivo é proporcionar as claves que permitan aos visitantes comprender a íntima relación entre o ser humano e o medio e a interpretación da paisaxe.

FICHA 1. A xeografía: o escenario físico
FICHA 2. A domesticación da auga
FICHA 3. A Serra do Suído
FICHA 4. Os hábitats
FICHA 5. O LIC do Río Tea - desenvolvemento sostible

Dorsal Galega

A xeografía: o escenario físico

Covelo está localizado no sur dunha longa cadea de montañas denominada ***Dorsal Galega***, que se estende de norte a sur de Galicia. É aquí, entre as serras (Suído, Faro de Avión e A Paradanta) e o val do río Tea, onde se localizan as 14 parroquias do concello. Por ser unha terra montañosa, podemos atopar moitos ríos e regatos (***rede hidrográfica***), que nacen no cumio das serras (a altitutedes de até 1.100 metros¡¡) e que se van xuntar no val coas augas do Tea, que é o principal río da comarca. O Tea vaise xuntar co Río Miño uns cantos quilómetros máis ao sur en Salvaterra.
Ao estar moi perto da costa, a pouco máis de 30 km, e ao ter unha grande altitude, as nubes que veñen do mar teñen que ***saltar*** as serras. Como canto máis altitude a temperatura é máis baixa, cando as nubes suban pola serra vanse *enfriar*, provocando a ***precipitación*** da auga en pequenas pingas; é dicir, a chuvía. É por iso que hai moitos ríos e moita vexetación, o que permite que teñamos unha paisaxe fragosa e verde, rica en fauna (animais) e flora (plantas). O clima da comarca é de tipo ***oceánico-húmido***.

Cuestións:

1. No mapa do panel 1, observa e localiza a Dorsal Galega.

2. Cantas parroquias ten o concello de Covelo?

3. Saberías sinalar cales son as serras que rodean a Covelo? Observa o texto e os mapas do panel 1.

4. Por que pensas que se forman moitos ríos nas serras do concello de Covelo?

5. En que consiste a precipitación do vapor de auga das nubes? Que tipo de clima ten esta comarca?

Os ***pasos*** son o modelo máis simple e antigo de ponte.

A domesticación da auga

Os regos, regatos e ríos posúen unha grande ***enerxía hidráulica*** (xerada pola auga), a cal aproveita o ser humano construíndo artefactos e instalacións que conducen a auga (***levadas***) e a transforman en ***enerxía motriz***. Esa enerxía fai que xire a roda do muiño (***rodicio***) e a roda do serradeiro (***noria***).

Era nestas *fábricas* onde se procesaban as materias primas naturais do lugar:

- nos ***muiños*** moíanse principalmente os grans de millo e de centeo para así obter fariña coa que facer o pan.
- no ***serradoiro*** cortábanse os troncos das árbores e facíanse táboas de madeira coas que se fabricaban carros (de onde lle vén o nome), apeiros de labranza, carretillas, vigas, cadeiras, banquetas, xanelas e outros utensilios máis de uso doméstico.

Como no verán a chuvia é menor, construíronse ***puzas*** (pozas) que almacenaban a auga dos ríos como se fosen pequenos encoros, que logo se utilizaba para regar os campos dos veciños. Ás veces isto orixinaba pequenas liortas polos desacordos no tempo e no volume de auga que lle correspondían a cada eido.
Ante a presencia de tantos ríos e regatos ao longo de todas as parroquias, construíronse ***infraestruturas de comunicación*** que salvaban o cauce e permitían comunicar os lugares nos que vivían e traballaban as comunidades locais: falamos das ***pontes, as pontellas e os pasos,*** todos levantados en pedra do país.

Cuestións:

1. Como se denomina a enerxía xerada pola forza da auga?

2. En que se diferencian e cal é o nome da roda do muiño e da roda do serradoiro?

3. Nos muiños producíase a fariña coa que se facía o pan. De que cultivos se extraían os grans que se moían?

4. Por que pensas que se construían pozas para a rega, aínda sendo Galicia un país chuvioso?

5. Observa as fotos e comenta cales son as diferencias entre unha ponte e un paso.

A Serra do Suído

É esta un serra de ***penedía*** (grandes rochas) e cimeiras suaves que se fai irregular cando se descende en altitude. A paisaxe vexetal caracterízase polas grandes extensións de ***mato***: formacións de toxos, uces e xestas, resultado da corta e queima do bosque para facer pasteiros. En certas zonas aínda se conservan ***turbeiras***, zonas enchoupadas onde medran especies vexetais (sobre todo o musgo Sphagnun) cuxos restos se transforman en turba co paso dos anos; nalgúns lugares, como en Irlanda e Escocia, esta turba utilízase como combustible para as lareiras e os fornos.
Na serra practicouse desde vello a gandería de vacas e cabalos ceibes (***gandería extensiva***), que eran baixadas á corte da casa labrega no outono-inverno. Pola súa banda, ***o lobo*** xa habitaba as serras galegas moito antes que o home. Para termar do gando e vixiar as incursións dese animal, foron construídos ***os chozos, as curralas-sesteiros e o foxo do lobo,*** que hoxe representan un conxunto etnográfico de grande valor cultural. Os veciños do lugar facían quendas de 1-2 días para termar do gando, habitando os chozos namentras permanecían na serra; este sistema denominábase ***a rolda.*** Nas curralas e sesteiros agrupábase o gando, a modo de cortello ao aire libe; por outra parte, para atrapar o lobo en batidas comunais, levantáronse os foxos a modo de trampas nas valgadas.
En certos lugares da serra aínda se conservan ***hábitats naturais*** de grande valor ecolóxico e botánico como os bosques caducifolios atlánticos: as ***carballeiras***, formadas por carballo, cerquiño, acivro e arando entre outras especies vexetais.

Cuestións:

1. *A que nos referimos cando falamos de penedía? Repara na relación deste termo coas palabras que seguro coñecerás, penedo e peneda.*
2. *Que especies de arbustos compoñen o mato da serra?*
3. *Como se denomina a gandería na que as vacas e os cabalos andan ceibos polo monte?*
4. *Onde pasaba a noite e se refuxiaba do mal tempo o pastor que andaba a coidar do gando na serra?*
5. *Cal é o territorio natural no que vive e viviu o lobo? Que era un foxo do lobo?*

Os hábitats

O hábitat é o espazo físico e as condicións medioambientais asociadas en que se desenvolve un ser vivo. En Covelo existen diferentes tipos de hábitats porque, como xa vimos, tamén hai distintos tipos de medios físicos: serra, val, río, agro...

Os principais tipos de hábitats pertencen ao dominio atlántico da ***rexión bioxeográfica Eurosiberiana,*** é dicir, de medios *máis frescos e húmidos* (carballo, bidueira, amieiros, acivro…); aínda que existe algún representante da ***rexión bioxeográfica Mediterránea,*** que sería de medios *máis cálidos e secos* (sobreira, érbedo, carpazas).

A grandes rasgos, pódese dicir que as máis amplas formacións vexetais estarían formadas polo bosque, o mato e o agro.

Bosques:

- Carballeira, formada por carballos (*Quercus robur*)
- Bidueiral, formado por bidueiros (*Betula alba*)
- Bosque de ribeira, constituído por amieiro (*Alnus glutinosa*) e outras especies fluviais
- Sobreiral, composto por sobreiras (*Quercus suber*)

O mato:

- Toxeira: domina o toxo (*Ulex spp.*)
- Uceira: dominan distintas especies de uces (*Erica spp.*)
- Xesteira: domina a xesta (*Cytisus spp.*)

O agro (principais cultivos):

- Os relacionados coa colleita do gran para fariña: centeo,millo, trigo e miúdo.
- Os prados de cultivo de distintas especies herbáceas para a alimentación do gando.
- A horta familiar: col, repolo, verza, faba, cebola, leituga, ervella, cabazas, tomates, pataca, feixón, etc.
- O pomar: maceiras, pereiras, ameixeiras, pexegueiros, cerdeiras...

Por entre os hábitats viven e móvense diversas especies animais, algunhas de grande relevancia ecolóxica, como é o caso do teixugo, certos anfibios endémicos, aves rapaces varias e o propio lobo.

Cuestións:

1. *A que nos referimos cando falamos de hábitat? Repara na relación deste termo coa palabra "habitación".*
2. *Seguro que coñeces máis dun exemplo, pero... como imaxinas ou que condicións son propias dun hábitat eurosiberiano?*
3. *Sinala algún tipo de bosque que coñezas e algunha das plantas e especies que o compoñen.*
4. *Que tipo de plantas e especies compoñen o mato? Sinala algún tipo de matogueira que coñezas.*
5. *Que especies agrícolas se cultivan nas terras de Covelo? Sinala algunha planta da horta que ti comas a cotío na túa casa.*

NATURA 2000

O LIC do Río Tea - desenvolvemento sostible

L.I.C. significa ***Lugar de Importancia Comunitaria*** (da Unión Europea). Do mesmo xeito que a cunca do Tea posúe hábitats e especies de interese natural, moitos outros espazos de valor natural noutros países de Europa tamén son LICs. Todos xuntos conforman a chamada ***Rede NATURA 2000***.

O recoñecemento dese valor natural e patrimonial débese principalmente á presenza de ***hábitats de interese comunitario,*** como o estenso bosque de ribeira do val, as carballeiras e as especies animais características deses entornos. Tamén existen ***endemismos,*** que son especies animais ou vexetais de distribución bioxeográfica limitada a un ámbito específico, o que incrementa o seu valor e a necesidade de conservar este ecosistema.
Este rico patrimonio natural e cultural pode ser o cerne dun ***desenvolvemento sostible*** para a poboación local, aquel baseado na explotación duradeira dos recursos, respetuosa e integrada ambientalmente co medio natural.

Cuestións:

1. *Que é un LIC?*
2. *Que características ou valores naturais deben posuir eses lugares para ser declarados como tales?*
3. *Que é a Rede Natura 2000?*
4. *Coñeces algún outro LIC da Rede Natura 2000 en Galicia?*
5. *Pensas que o desenvolvemento social e económico do teu pobo, vila ou cidade se podería considerar ambientalmente sostible?*

Serradoiro dos Carranos

Aula da natureza e do patrimonio etnográfico

Maceira - Covelo

CONCELLO DE COVELO

ADRICONPA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Covelo
Núcleo de
Sostibilidade